

Boletín CAIA 13

Decembro 2024



O 23 de decembro tivo lugar un novo pleno ordinario do CAIA

O 23 de decembro tivo lugar na EGAP o pleno ordinario do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, para este pleno acudiu Judit Fernández, como representante da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Aproveitando a súa presenza as propostas versaron sobre a educación, ademais tamén se falou sobre que criterios se deben de ter en conta de cara a renovación de candidaturas que se celebrará en abril.



A xuventude opina sobre a participación na elaboración da Lei de Xuventude

O Grupo Xove de UNICEF estivo participando activamente na elaboración da Lei de Xuventude e Xustiza Interxeracional que esta a elaborar o Ministerio. Neste artigo contánnos a súa experiencia.

SAVE THE CHILDREN lanza unha enquisa sobre violencia online na adolescencia

Save the Children impulsa unha investigación para coñecer os diferentes tipos de violencia en liña que existen. Os resultados son preocupantes porque queda patente que unha gran porcentaxe de adolescentes intentan controlar a súa parella.



Como pecha Cidades Amigas da Infancia este 2024

Dende UNICEF pechan o ano 2024 cunha grande cantidade de desafíos para a infancia e adolescencia no plano da administración local. Relatan todos os cambios que están a facer da man dos concellos.



Discurso da Ministra Sira Rego en favor da participación infantil e adolescente

Sira Rego recalca a importancia de que a infancia e adolescencia participen na esfera pública. Recalca que esta é unha maneira de crecer cara unha sociedade global e inclusiva.



Encontro presencial do EPIC 3.0

O grupo de participación infantil e adolescente da Plataforma de Organizacións e Infancia tivo un encontro presencial para conmemorar o 20N na localidade de Madrid.



A Fundación ANAR analiza os seus trinta anos a cargo do teléfono de axuda á infancia e adolescencia

A Fundación ANAR leva 30 anos encargándose dunha liña gratuita e confidencial dispoñible todos os días 24h. Contan no artigo como estamos ante un aumento de chamadas e de casos cada vez máis complexos.

Testemuña en primeira persoa



EMILY S. ARENAS CASTAÑEDA
Grupo de participación “P.V.X”
de Viveiro

Os días 29 e 30 de decembro tivo lugar no Albergue Xuvenil As Sinas (Pontevedra) o Encontro Galego de Tempo Libre, organizado por Aventureira e financiado pola Unión Europea.

Este espazo, no que participaron profesionais, voluntarios e participantes do tempo libre, nace para debater e reflexionar sobre as políticas educativas do tempo libre en Galicia, ademais de gozar de diferentes actividades lúdicas.

Vernes foi un día enfocado na convivencia e en coñecernos. É o sábado o día no que máis traballamos, dividíndonos en 3 grupos de traballo: educación, participación e laboral, onde cada un puido compartir a súa experiencia e punto de vista. Pola tarde na actividade “Olladas ao tempo libre” varias persoas expuxeron un tema ou proxecto, de parte da mocidade Emily Sofia Castañeda e Uxía Fernández falaron da participación infantil e da súa importancia, tocando o tema do adultocentrismo e o paternalismo, mentres Lúa Varela compartiu a súa experiencia como acampada e o importante que é para os usuarios crear un espazo seguro.

Despois, na Rede de Experiencias compartimos vivencias para enriquecer o grupo e rematamos na noite cunha velada. Na mañana do domingo, os grupos de traballo elaboraron unha proposta común e expuxeron os resultados ao resto dos participantes. Finalmente fixemos unha valoración final onde acordamos que seguiremos traballando e non esqueceríamos as propostas ou ideas logradas no proxecto.

Quero destacar como en todo momento se escoitou e potenciou a voz da mocidade, chegando modificar actividades para a nosa comodidade. Sen dúbida unha fin de semana de aprendizaxe e crecemento mutuo.

Experiencias noutros territorios



Xornada en Madrid: 'Activismos infantiles, resistencias adultistas'

O Consello Nacional da Infancia e Adolescencia de Catalunya (CNIAC) tivo a oportunidade de participar na décima edición destas Xornadas “Activismos infantís, resistencias adultistas” para reflexionar sobre as limitacións á participación social e política de nenos, adolescentes e xoves dando especial relevancia a temas como o activismo infantil e xuvenil en espazos sociais



*Qué che parece esta campaña do
Ministerio de Xuventude e Infancia?*

e tí,... que lle pides ao 2025?

